



## Concello de Bueu

---

### **ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE ARQUITECTO/A (A1), INCLUÍDA NA OEP 2024**

Na sesión do 17.02.2026 o tribunal acordou reunirse o vindeiro 26.02.2026 ás 11.00 horas para resolver as alegacións no seu caso presentadas, outorgar a cualificación definitiva do segundo exercicio do proceso (o tipo test) e sinalar data para a realización do terceiro exercicio (ata 10 preguntas curtas de carácter teórico-práctico); sen prexuízo de sinalar a efectos só informativos que previsiblemente o exercicio se celebraría o 03.03.2026.

Verbo de cuestións persoais e laborais dalgún/s membro/s do tribunal a acta do 17,02.2026 non foi definitivamente asinada e, con iso, publicada ata o 20.02.2026, cuestión que imposibilita a sesión do 26.02.2026 e obriga a atrasar o exame.

En consecuencia, comunícase as persoas aspirantes do proceso que a sesión do tribunal queda atrasada ata o 06.03.2026 ás 12.00 horas e que, previsiblemente, o terceiro exercicio (preguntas curtas) realizarase o 23 ou o 24 de marzo ás 11.30 horas na Biblioteca municipal Torrente Ballester.

*Documento asinado dixitalmente na data da marxe pola secretaria do tribunal e secretaria xeral do concello de Bueu, Lara Otero Díaz.*

